



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2026/E001/000002. Proceso de selección dun funcionario/a interino/a por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero.

ANTECEDENTES

O Tribunal do proceso selección constituído o 9 de abril de 2026, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 99/2026 de 23 de marzo de 2026 para proceder á realización do proceso de selección dun funcionario/a interino/a por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero do Concello de Touro, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 60/2026 de 20 de febreiro de 2026 publicadas no BOP núm 37 de 25 de febreiro de 2026, as 8.30 na Casa do Concello de Touro, observou un erro material na citada Resolución 60/2026 na Base novena, constando na acta de xeito textual o seguinte:

Advírtese polo Tribunal a existencia dun erro material na citada Base xa que tal e como se deduce do propio expediente quedarán eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes que non acaden 5 puntos, xa que se prevé a puntuación máxima de 10 puntos e a penalización por resposta incorrecta; polo que non cabe esixir para aprobar a puntuación máxima de 10 puntos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

En aplicación do art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, tal e como consta na citada acta do Tribunal dedúcese do contido do expediente que se trata dun erro material no relativo á puntuación que cabe esixir para superar a primeira proba, que son 5 puntos xa que a máxima puntuación que se poden alcanzar son 10 puntos e consta a penalización por resposta contestada de xeito incorrecto.

Na súa virtude, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Rectificar o erro material contido da Base Novena das Bases Específicas aprobadas mediante Resolución núm. 60/2026 de 20 de febreiro de 2026 nos seguintes termos:

Onde di:

Primeira proba. Obrigatoria e eliminatória Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test composto por 40 preguntas e cinco preguntas de reserva con catro respostas alternativas, das que só unha é correcta, sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de unha hora. Cada resposta correcta sumará 0,25 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,005 puntos. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. A persoa aspirante que non acaden 10 puntos será eliminada do proceso selectivo.

Debe dicir

Primeira proba. Obrigatoria e eliminatória Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test composto por 40 preguntas e cinco preguntas de reserva con catro respostas alternativas, das que só unha é correcta, sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de unha hora. Cada resposta correcta sumará 0,25 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,005 puntos. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. A persoa aspirante que non acaden 5 puntos será eliminada do proceso selectivo.

SEGUNDO. Publicar o presente no taboleiro de edictos do Concello de Touro e no taboleiro de anuncios na sede electrónica do Concello.

TERCEIRO. Dar traslado deste acordo ao Departamento de Secretaría-Intervención do Concello de Touro, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor , aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

José López González, secretario-interventor